

II CONCURSO DE MICRORRELATOS

Relatos ganadores



200 PALABRAS PARA CONTAR O MUNDO

II Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal

A lingua é a nosa principal ferramenta de expresión. Empregámola para compartir as ideas e os pensamentos, as arelas e os soños, os compromisos e os feitos. E tamén a identidade.

Como galegas e galegos, o idioma de noso dános un lugar no mundo e proxéctanos con personalidade propia alén do noso territorio. Sucede en cada conversa falada, en cada libro, artigo ou apuntamento que plasmamos sobre o papel, en cada xesto que implique a palabra.

Acontece así desde hai máis de mil anos na terra que habitamos, pero o futuro da lingua pasa tamén pola conquista do mundo virtual. Este é o obxectivo que levou á Real Academia Galega e á asociación PuntoGal a convocar o concurso de microrrelatos que chega neste 2019 á segunda edición cun novo éxito de participación: preto de 500 textos nas distintas categorías, escritos desde recunchos de todo o mundo.

Velaquí os nove gañadores, capaces de dicir moito cada un deles en apenas 200 palabras. Nove microrrelatos de persoas de todas as idades que son herdeiras do mellor da tradición oral da nosa lingua. Porque somos un pobo que sabe contar historias. Arredor da lareira e na Rede.

A Coruña, 27 de maio de 2019





A FIESTRA

1º Premio adultos

Jessica Rodríguez Sánchez

Sentouse na fiestra reparando e intuindo o que ía acontecer a continuación. Non sentía nin remordemento nin pesadume, soamente acougo. O inchazo non lle permitía abrir o ollo dereito e a dor nas costas sinalaba, outra vez, varias costelas rotas. Vía todo nubrado pero tiña unha forte sensación de lucidez. Advertiu o ruído da pechadura, e a tentativa errada de introducir a chave indicoulle que era o momento. Só foi necesario un pequeno abaneo e o cheirume a suor, tabaco e sangue desapareceu para sempre.

Jessica Rodríguez Sánchez (Visantón - Mesía, 1984) é logopedista. Formada en Psicoloxía da Linguaxe, combina estudos de Historia coa escrita de relatos curtos.



A PRIMEIRA PALABRA

2º Premio adultos

Ángela Arnosa Prieto

O meniño pronunciou o seu primeiro vocábulo. En galego. Naceu un novo falante. A nosa lingua arrolou docemente o meniño, que a apreixou con tenrura para non deixala marchar nunca. Ela gañou vida e el un tesouro.

Ángela Arnosa Prieto (San Sadurniño, 1996) é química e divulgadora científica. A creación audiovisual e a interpretación son dúas das súas afeccións.



BLACK FRIDAY

3º Premio adultos

Eduardo Cameselle Iglesias

Resoluto, abriu a porta do armario. Apenas tiña xa algo que poñer. Que máis dá! –pensou. A decisión estaba tomada. Agora ou nunca! Si; este venres é o momento. Telefonou o seu amado amigo Aswad para que pasase a recollelo. Custoulle convencelo. Logo colleu os cartos.

Abrazado á cintura do piloto, cruzaron a praza de Jamaa el Fna e unha infinidade de rúas ateigadas de xente montados na escangallada motocicleta.

O labiríntico e extenso zoco de Marrakech converteu a viaxe nunha auténtica xincana, caneando aos que regateaban entre risas e aloumiños. Catro horas máis tarde e cada vez máis preto do final dun soño, pagáronlle o importe acordado ao vendedor de esperanzas de pesadelo.

Morreron en bo estado, tralo afundimento da *patera*.

Eduardo Cameselle Iglesias (Vigo, 1943). Despedido de Citroën. Comprometido coa defensa dos dereitos humanos e doutros animais. Agora xubilado e defensor da eutanasia.



CACERÍA NOCTURNA

1º Premio xuvenil

Óscar Fernández Freire

Noite pechada. Sinto o luar nas miñas costas, oculto, mentres observo o obxectivo. Avanzo con lentitude a través de follas e barro. Os centímetros que nos afastan van acurtándose e o ritmo dos meus latexos adquire unha maior celeridade. O aire permanece inmóbil. Son cazador. Vexo a miña presa, impávida, vermella e brillante. É o momento e os meus fibrosos músculos contráense para abalanzarme sobre a desexada recompensa. Salto, desprego as garras coas cortantes unllas e atrapo a luminosa presa, mais, nun intre, o esquivo ser vermello desaparece. Escoito risas. O meu rival está a se burlar de min. Deseguido, unha nova voz aparece: “Marcelino, pasa a cear e deixa de tolear o gato co punteiro láser”.

Óscar Fernández Freire (A Coruña, 2002) estuda 1º de bacharelato e é afeccionado á lectura e ao cine. Practica esgrima no club Zalaeta 100Tolos e tamén natación. É seguidor incondicional do Dépor.



UN DÍA MÁIS

2º Premio xuvenil

Martina Lois Cuns

Enxuguei as mans e volvíñ metelas baixo a billa. Collín xabón e fretei a boca con forza, quizais demasiada. Ardíanme os beizos, pero aínda así repetín o proceso. As bágoas mesturábanse coa auga. Pese a todo, o gusto non fuxía da miña lingua. Sen decatarme, o vómito emerxeu e comezou a saír a gallarón, como quen garda un segredo e precisa soltalo. Eu só quería morrer canto antes. Mentres tanto, o meu pai xa sentara no sofá, sen sequera abotoar o cinto.

Martina Lois Cuns (Santiago de Compostela, 2001) é unha grande amante das letras e do debate, o que a levou a participar no Modelo de Parlamento Europeo, no que foi seleccionada para a fase nacional. Ademais, goza con ciencias como as matemáticas, sobre todo tras formar parte de Estalmat Galicia, e dedica o tempo libre a actividades como o voluntariado.



O AMIGO MAR

3º Premio xuvenil

Cristina Fojo Rubio

Mirei para o fondo do cantil e alí estaba, agarrándose como podía ás rochas, facendo fronte aos golpes das ondas. O mar sempre fora o noso amigo. Deunos de comer durante o tempo que Antón perdera o seu traballo e alegraba os nosos veráns refrescándonos cando a calor nos asfixiaba. Ser percebeiro furtivo non era o seu soño, pero que outra cousa podíamos facer? Eu berreille e pedinlle que loitase, que pronto alguén viría axudarnos. A marea subía cada vez máis e o mar aumentaba o seu enfado. Vin pasar diante dos meus ollos a nosa breve pero intensa historia. Os cruces de miradas na escola, as nosas primeiras saídas e, sobre todo, a cariña da Xoaniña, froito do noso amor. Quería baixar, axudarlle, pero a nena estaba comigo e non podía deixala soa. Tumbeime no chan, achegueime ao bordo e díxenlle:

–Antón, quérote moito, loita por nós!

Pero el estaba esgotado e as forzas abandonárono. Entón soltouse. Vin desaparecer o seu rostro. Berreille ao mar con todas as miñas forzas.

–El é noso, devólvenolo!

Entón levantouse unha onda, a máis grande que eu vira nunca, e depositouno xunto a min.

Cristina Fojo Rubio (A Coruña, 2001) ten 17 anos e estuda 2º de bacharelato no Colexio Calasanz. É moi deportista: xoga ao baloncesto desde que tiña 8 anos e gústalle todas as actividades deportivas. Encántalle o verán e estar cos seus amigos. Tamén lle gusta moito ler e a música moderna.



O VALOR DOS NOMES

1º Premio infantil

Claudia Martínez Asenjo

Xa antes de nacer os nosos pais están buscando un nome para nós, proba do importante que é telo. Penso que aqueles obxectos ós que lles teño un especial cariño merecen ter o seu propio nome, e eu póño-llelo.

Encomecei co meu peluche favorito. O que me acompaña todas as noites dende que era unha rapariga. O seu nome é Pelucho. É moi branco e súper brandiño.

Despois tocoulle á miña primeira bicicleta, Marea. Era lixeira e así sentíame eu nela. Empecei a facer saídas con outros ciclistas e a gozar dos paseos en equipo.

Lembro o día que chegou a miña guitarra eléctrica. Abrín a caixa con impaciencia e nada máis vela tiveren claro o seu nome, Cereixa, como a súa pel, dun precioso vermello brillante.

E como estou na idade de medrar chegou o día no que Marea me quedaba pequena. Polo meu aniversario regaláronme unha bici grande e fachendosa. Como lle chamarei?... Tardei un tempo en atopar un nome axeitado. A bici chámase Estela. E cando alguén da miña familia me di "non deixes a bici na entrada" non podo evitar pensar que Estela debe sentirse un pouco degradada.

As afeccións preferidas de Claudia Martínez Asenjo (Santiago de Compostela, 2007) son xogar cos seus amigos e facer deporte. Practica judo. Toca a guitarra eléctrica e a batería. Gústalle as novelas de aventuras e os cómics.



A FADA EVERY

2º Premio infantil

Alba Díaz Mera

Había unha vez unha fonte de auga negra coma o inferno. Incluso ás veces se vían os reflexos dos demos e das outras criaturas infernais.

Pero a fada Every era a única que vía a auga da fonte cristalina. E en vez de demos vía unicornios e criaturas fantásticas, coma ela.

Todo o mundo se afastaba todo o posible da fonte, pero ela non. Ela achegábase todo o que podía. Mentres todos vían maldade infernal na fonte, Every vía bondade fantástica.

Ata que un día non aguantaba máis e decidiu nadar na fonte. A xente pensaba que ía falecer, pero ela pensaba que ía renacer. Para Every, aquilo era mergullarse con unicornios e demais.

Cando todos viron que Every saía da fonte viva, alucinaron, tiñan medo, terror, pánico, de todo, porque nunca viran tal cousa.

Dende ese día, todos nadan alí no verán porque comprenderon que a beleza non está no exterior, senón no interior. Todos vían a auga cristalina dende ese día.

E así é como a fada Every trouxo a felicidade ao noso mundo.

A Alba Díaz Mera (Narón, 2007) gústalle estar no seu mundo de fantasía, no que atopa espazo para crear. Tamén lle gusta cantar, bailar e organizar festas cos amigos e amigas.



O CAN ENXESADO

3º Premio infantil

Pablo Mirás Sánchez

Telma vivía co seu fillo Roque e o seu can, chamado Can, nunha casa pequeniña de madeira. Non dispoñían de todo o que lles apetecía, pois non tiñan os cartos suficientes. Comían case todos os días o mesmo, sopa de tomate e unha pequena ración de arroz.

Un día dando un paseo co can cruzaron a rúa polo paso de peóns, pero de súpeto un camioneiro non freou e... Atropelou a Can! Roque correu ata el e botouse a chorar bloqueando o camiño. Achegáronse á beirarrúa e viron como quedara o corpo do can, desfeito! Tiña moitos ósos da columna vertebral rotos.

Foron á présa ao veterinario e díxolles que tiñan que sacrificalo porque as vértebras non ían soldar ben. Seguiron procurando axuda pero todos dicían o mesmo ata que chegaron á quinta tentativa, sempre co mesmo prognóstico. Aí foi cando a paciencia de Telma se acabou e díxolle ao matasáns que lle puxese unha escaiola ao seu can, ante o abraio do doutor.

Cando pasaron tres meses Roque foi bañar o can para quitarlle a escaiola e de súpeto o can moveu o rabo.

Pablo Mirás Sánchez (Tui, 2007) mostra creatividade desde moi pequeno escribindo relatos e pezas para piano. Como intérprete gañou premios en Portugal e Lituania. Xoga ao baloncesto e chámalle as ciencias.

